

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CAMIÑO MOZÁRABE - VÍA PRATA OURENSE PARA A CELEBRACIÓN DO XIII CONGRESO INTERNACIONAL DE ASOCIACIÓNS XACOBEAS

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Camiño Mozárabe – Vía Prata Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Asociación Camiño Mozárabe – Vía Prata Ourense, para a celebración do XIII Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, que terá lugar entre os días 20 e 23 de abril de 2023 en Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Así mesmo, de conformidade co artigo 9 dos seus Estatutos, é a entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e á que lle corresponde directamente ou a través da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turística do Camiño de Santiago.



**Segundo.-** A Asociación Camiño Mozárabe – Vía Prata Ourense é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, que desenvolve as súas actividades principalmente no ámbito da provincia de Ourense. Son fins principais da asociación:

- a) Fomento, promoción e defensa da peregrinación xacobeá, tradicional, en tódalas súas dimensións, especialmente os seus compoñentes espirituais e humanísticos.
- b) A axuda e protección ao peregrino xacobeo.
- c) A defensa do patrimonio cultural xacobeo, en tódolos seus ámbitos, e dos Camiños tradicionais de peregrinación da Vía da Prata.

Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá organizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) A atención ás instalacións e institucións dedicadas á axuda aos peregrinos, especialmente dos albergues e refuxios de peregrinos.
- b) A formación de hospitaleiros para a atención dos albergues de peregrinos. Os estudos, investigacións e publicacións sobre a Vía da Prata e o seu patrimonio.
- c) As actuacións ante organismos e institucións, tanto públicas como privadas, en orde á defensa, conservación e protección do patrimonio histórico da Vía da Prata en Ourense e en Galicia.
- d) A promoción e desenvolvemento de calquera tipo de actividade cultural relacionada coa Vía da Prata, o seu patrimonio e a peregrinación xacobeá e, moi particularmente, conferencias, congresos, seminarios, publicacións de todo tipo, exposicións, viaxes, peregrinacións e intercambios culturais.
- e) A convocatoria de premios relacionados coa Vía da Prata e a peregrinación xacobeá.
- f) A recuperación física e documental da Vía da Prata e o patrimonio vinculado a ela.
- g) A sinalización dos itinerarios xacobeos na provincia e o seu mantemento.
- h) A información e axuda ao peregrino por tódolos medios posibles.



i) A colaboración con todo tipo de entidades en orde a conseguir os fins da asociación.

**Terceiro.-** Ourense acollerá o XIII Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas do 20 ao 23 de abril de 2023.

A Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, e as súas Asociacións, celebran desde 1987 o "Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas", ámbito de encontro trienal onde veteranos peregrinos e investigadores poñen en común a súa experiencia e coñecemento relacionado coa tradición xacobeá. Tras a celebración en Madrid do XII Congreso (2021) Ourense recolle a testemuña, e será onde se celebre o XIII Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas. A Asociación Cultural Amigos Camiño Mozárabe – Vía Prata Ourense será a entidade organizadora, segundo se recolle na acta da Asemblea Xeral do pasado 13 de marzo de 2021, na que as 42 asociacións da Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago acordaron conceder por unanimidade á dita asociación a organización do XIII Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, cuxo lema é "Camiños de Santiago, Camiños culturais. Unha mirada a Europa".

Este Congreso quere poñer en valor o Roteiro Xacobeo, que declarado en 1987 "Primeiro Itinerario Cultural Europeo", foi, ao longo de toda a súa historia, un espazo que acolleu persoas de moi diversas nacións, relixións, culturas, status social, etc. Nos tempos actuais, onde parece que os conflitos de todo tipo son os que ocupan os títulos das noticias, preténdese resaltar aqueles valores que caracterizan o Camiño de Santiago e que merecen a máxima presenza na nosa vida diaria.

O Camiño Mozárabe tamén é un Camiño que nace para unir as beiras do Mediterráneo e o Océano Atlántico e así poder unir os corazóns e as almas entre ambas as beiras. A cidade de Ourense é a anfitrioa por moitos motivos; a súa monumentalidade, a súa historia, o seu rico patrimonio, a súa contorna, boas comunicacións, cooperación das institucións, ser cidade peregrina e pola súa xenerosa hospitalidade.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Camiño Mozárabe – Vía Prata Ourense unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa



convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

